

Recordatorio de deberes legais dirixido ao Concello de Mondariz Balneario para que na tramitación dos expedientes actúe de acordo cos principios de eficacia, economía e celeridade.

Suxestión dirixida ao Concello de Mondariz Balneario para que valore a posibilidade de prestar o servizo de conexión á rede de sumidoiros municipais e depuración de augas fecais, solicitado polo reclamante.

Expediente: N.9.Q/380/22

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2023.

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito presentado por XXX.

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- No seu escrito, o reclamante, esencialmente, pon de manifesto que:

Non teñen conexión á rede de sumidoiros municipais e depuración de augas fecais, poñendo de manifesto que foi comunicado a representantes do BNG nese concello informándoos de que o asunto foi levado ao Pleno.

O reclamante fai constar tamén no seu escrito de queixa, que se puxo en contacto con vostede para solicitar un punto de luz (ademáis dos tres que xa existían) que daría visibilidade ás cercanías da súa vivanda pero que lle contestaron que non había presuposto. Que se ofreceu a pagar el os costes do poste, cables e bombilla respodéndolle que o veciño non tiña que pagar nada. Que na actualidade está nas mesmas condicións de oscuridade nunha zona que está rodeada de árboles.

SEGUNDO.- Ante iso requirimos información a ese concello que xa nolo remitiu e no que se pon de manifesto o seguinte:

Que as peticións de XXX foron atendidas polo concello nestes últimos días. A razón da tardanza en dar solución ás mesmas foi non dispoñer de dotación orzamentaria para acometer unha obra destas características e a dita actuación foi supeditada a obtención dos medios económicos e materiais necesarios.

TERCEIRO.- Con posterioridade á recepción do informe do concello, recíbese nesta institución, un novo escrito presentado polo reclamante, no que, esencialmente, pon de manifesto que se reuniron 15 veciños que non teñen sumidoiros e enviarán ao concello as firmas de todos eles para que poidan facer un proxecto e poder subsanar estas necesidades.

CUARTO.- Do contido da queixa, do informe remitido por ese concello e do último escrito presentado polo reclamante, dedúcese que:

1º.- No escrito inicial de queixa, poñíase de manifesto, a falta de conexión á rede de sumidoiros municipais e depuración de augas fecais.

2º. Segundo o informe remitido por ese concello, as petición do reclamante foron atendidas.

3º.- Con posterioridade ao informe do concello, o reclamante presenta un novo escrito no que pon de manifesto que se reuniron 15 veciños que non teñen sumidoiros e enviaron ao concello as firmas de todos eles para que poidan facer un proxecto e poder subsanar estas necesidades.

QUINTO.- Tendo en conta o exposto, a información remitida polo concello e transcrita anteriormente, foille remitida ao reclamante para o seu coñecemento, e se fose o seu desexo formulara as alegacións que tivera por convinte.

SEXTO.- Nas alegacións presentadas polo reclamante, esencialmente, pon de manifesto que nun pleno do concello, manifestaron *que para 19 vivendas non é necesario ter saneamento.*

SÉTIMO.- ~~SÉTIMO.~~ Con data 8 de marzo de 2023, a responsable da área de corporacións locais e servizos municipais, contactou telefonicamente co reclamante, quen lle manifestou que das peticións referidas no escritode queixa, o concello só atendeu á instalación do punto de luz pero non ao saneamento.

Á vista do contido do escrito de queixa e demais escritos presentados polo reclamante e do que se manifesta no informe da Administración, cómpre facer as seguintes

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA.- Neste expediente debemos analizar as seguintes cuestións:

1.- A falta de resposta, por parte dese concello, á solicitude presentada polo reclamante.

2º.- A obriga ou non do concello á prestación do servizo solicitado polo reclamante.

SEGUNDA.- Respecto á falta de resposta, por parte dese concello, á solicitude presentada polo reclamante, cómpre ter en conta o seguinte:

- O marco xurídico vixente configura un sistema de garantías do cidadán na súa relación coa Administración que descansa sobre mecanismos de participación dos cidadáns, cuxa finalidade responde a facer compatible a actuación eficaz da Administración co exercicio dos dereitos dos cidadáns e, en consecuencia, ese sistema debe responder á súa propia natureza garantista, o que conleva a necesidade de resolver expresamente, como regra xeral, as solicitudes e recursos que se formulen e que esa resolución estea motivada e notificada aos interesados con indicación de se é ou non definitiva na vía administrativa e recursos e prazos que procedan para interpoñelos.

- As actuacións administrativas, e polo tanto a tramitación dos expedientes, están sometidas aos principio de eficacia e celeridade (Artigo 103 da Constitución).

O principio de eficacia esixe das Administracións públicas que se cumpran razoablemente as expectativas que a sociedade demanda, entre elas o deber de resolver expresamente as solicitudes e reclamacións, xa que o coñecemento da fundamentación das resolucións é presuposto inescusable para a defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos.

- Así, unha das obrigas que derivan do dereito da cidadanía a unha boa administración concrétese na obriga de dar resposta ás solicitudes formuladas polos administrados, sen prexuízo do contido material e fundamentación xurídica que puidera ter esa contestación formal.

- Esa obriga das Administracións públicas a dar resposta expresa a cantas solicitudes presenten os administrados recóllese no artigo 21 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

- En calquera caso a Administración está obrigada a responder ao cidadán que acude a ela debendo ofrecerlle unha resposta por escrito que ademais sexa unha resposta directa, rápida, exacta e legal, fundada en tempo e forma adecuada ao procedemento que corresponda e congruente coas pretensións expresadas, todo elo con prontitude e sen demoras inxustificadas.

- Neste caso concreto, non nos consta que ese concello respondera por escrito ao reclamante polo que non podemos entender cumprida a obriga da entidade de responder ao reclamante e notificarlle dita resposta xa que non contén ningunha alusión a unha resposta formal ao mesmo, non aportando copia desa contestación nin xustifica de modo algún que non se ditara dita resposta.

TERCEIRA.- Respecto da segunda das cuestións plantexadas, a obriga ou non do concello á prestación do servizo solicitado polo reclamante, cómpre ter en conta o seguinte:

- A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no artigo 26.1 establece que:

1. Os Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:

a) En tódolos Municipios: alumeadado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, alcantarillado, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.

- Queda así sentado que o servizo reclamado polo promotor da queixa constitúe, segundo o citado artigo, uns servizos mínimos cuxa prestación é obrigada para todos os municipios polo que calquera veciño pode requirir ao concello a súa prestación.

Porén este dereito subxectivo veciñal, como calquera outro dereito, non é absoluto senón que ten certos límites ou condicionantes, sendo o réxime urbanístico do solo un deses límites ou condicionantes, pois a prestación do servizo non está sometida a unha regulación única e unitaria, senón que inciden diversidade de normas e disposicións que regulan os múltiples aspectos de aquel, tales como a súa relación co espazo e a súa vinculación coa lexislación urbanística.

Neste senso, existe unha doutrina xurisprudencial que xa se pronunciou respecto dos servizos públicos referidos no artigo 26. 1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, doutrina segundo a cal, debe distinguirse entre servizos esixibles só en solo urbano e servizos que son de prestación obrigatoria en todo o termo municipal.

Por todo o exposto ata agora, considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do Valedora do Pobo, facer chegar a ese Concello de Mondariz Balneario o seguinte

RECORDATORIO DE DEBERES LEGAIS

Recordámoslle que na tramitación dos expedientes deberá actuar de acordo cos principios de eficacia, economía e celeridade , contestando expresamente e por escrito, nos termos que estime oportunos, ás solicitudes e peticións que lle sexan formuladas, dentro dos prazos previstos na lexislación específica ou, no seu defecto nos prazos previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

E a seguinte

SUXESTIÓN

Que, respectando a autonomía municipal e a potestade de autoorganización-dese concello, se valore a posibilidade de prestar o servizo de conexión á rede de sumidoiros municipais e depuración de augas fecais, solicitado polo reclamante.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nestas resolucións do Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación do recordatorio de deberes legais e das recomendacións formuladas, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, a Valedora do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando a Valedora do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.



Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo
(Asinado dixitalmente)